

Xuño



Psicomotricidade e neurodesenvolvemento para bebés Esther Fuentes

3 de xuño | 17.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

**Bebés
de 0 a 6 meses**

Obradoiro sobre os reflexos primarios e a súa correcta integración para favorecer unha postura adecuada e desenvolvemento neurolóxico co fin de dar paso a habilidades máis complexas. Son clave para o sistema motor, sensorial cognitivo e emocional.



Son no berce Cris Collazo

17 de xuño | 17.00 e 18.30 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

**Nenos/as
de 0 a 4 anos**

Concerto sensorial a través dunha viaxe que explora cada descubrimento que realiza o corpo dun bebé, desde os seus primeiros pasos ata as vogais e sons que dan vida á lingua galega.



Estás a agardar un bebé? Parabéns!

Podes achegarte polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto Apego e recibir os agasallos de benvida!

Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podes dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa **Apego** e recibir información sobre actividades e recursos!

Precisas máis info?

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Carballo
Casa do concello 2º andar
981 704 100 (ext.2750) | 881 983 865 | 626 125 495
snl@carballo.gal
carballo.gal

Inscripcións de balde en carballo.gal



Medrando con **apego** en Carballo



Xaneiro

O dentista musical Pablo Varela

21 de xaneiro | 17.00 e 18.30 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Concerto interactivo que combina arte, saúde e emocións. A través de cancións interpretadas ao vivo as familias poderán aprender hixiene bucodental, autoestima, expresión emocional e hábitos saudables.



Nenos/as
de 2 a 6 anos

Febreiro

Nube de algodón Trémola Teatro

4 de febreiro | 17.00 e 18.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

É unha pequena nube que cambia de cor dependendo de como se sente: azul cando está triste, amarela cando está feliz, vermella cando está enfadada... Pero un día Nube esperta gris e non sabe por que. Precisa da axuda das familias para acompañala e descubrir as emocións!



Nenos/as de 6
meses a 4 anos

Rosalía Cantareira Jara Ortiz

18 de febreiro | 17.00 e 18.30 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Concerto didáctico e participativo para coñecer poemas de Rosalía de Castro que estaban inspirados na música popular e tradicional galega.



Nenos/as
de 3 a 6 anos

Marzo



O cuco veu por acá e marchou por alá Percubebés

4 de marzo | 17.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Nenos/as
de 0 a 4 anos

Espectáculo musical e obradoiro de percusión para aprender cantigas infantís, participar e adquirir ferramentas para a interpretación musical.



Animais encantados Sonsoles Penadique e Chechu Riquelme

18 de marzo | 18.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Espectáculo de música e danza con animais encantados da tradición galega, europea e suramericana que están encantados pola súa maxia e encantados de cantar, bailar, contar e xogar coas crianzas.

Nenos/as de 6 meses a 4 anos

Abril

Canto e bailo miúdo Escola do Aprende

8 de abril | 17.00 e 18.30 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Obradoiro para compartir en familia, pensado como un primeiro achegamento ao baile e á música tradicional.

Nenos/as de 2 a 6 anos



Moito conto Ana Prema

22 de abril | 17.00 e 18.30 h
Biblioteca Rego da Balsa

Proposta de animación á lectura para crear un espazo de felicidade, de palabras e silencios, de xogo, música, diversión e calma.

Nenos/as de
1 a 4 anos

Maio

Andaina Vía Inqueda

6 de maio | Saída ás 17.00 h

Paseo para gozar do aire libre, descubrir a contorna e pasar un tempo de lecer activo coas familias. É unha actividade pensada explorar e crear lembranzas en contacto coa natureza.



Nenos/as
de 0 a 4 anos

Concerto didáctico de nanas Xoán Curiel

20 de maio | 17.00 e 18.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas

Cancións de berce e obradoiro de voz cantada para facilitar recursos ás familias.

Nenos/as de 0 a 3 anos

